



## ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DO PROFESORADO CONSELLO ESCOLAR

### CONVOCATORIA

De acordo coa *RESOLUCIÓN do 19 de setembro de 2022, (DOG de 30 de setembro), da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos, a XUNTA ELECTORAL deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE PROFESORADO**, segundo as seguintes normas:*

1. De acordo co disposto no artigo 41 do Decreto 374/1996, do 17 de outubro (DOG do 21), redactado conforme ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **dous mestres/as**, dun total de cinco que debe ter o Consello Escolar deste Centro.
  - 1.1. Os/as 2 candidatos/as con máis votos serán nomeados por un período de 4 anos (ata 2026).
  - 1.2. Os restantes candidatos, ordenados por número de votos, formarán unha lista para posibles substitucións en caso de que algún membro causase baixa no Consello.
- 2.- Son elixibles calquera dos integrantes do sector do profesorado, que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na secretaría do colexio. As candidaturas poderán ser presentadas desde o 3 de novembro ata o 10 de novembro en horario de 9 h a 14 h.
- 3.- A mesa electoral estará formada pola directora do centro, que actuará como presidenta e as/os mestras/es de maior e menor idade, actuando esta/e última/o como secretario.
- 4.- A campaña electoral comprenderá dende o 18 ao 27 de novembro, ambos días inclusive. As dependencias e servizos do Centro estarán a disposición dos candidatos, previa petición ao presidente da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento do centro. O día 28 de novembro, véspera das votacións, non se poderá facer campaña electoral.
- 5.- As votacións realizaranse neste Colexio, no edificio situado en Rampa de Sas, o **día 29 de novembro de 2022, as 18 horas, nun Claustro Extraordinario que será convocado con ese único punto na orde do día.**
- 6.- Cada profesor fará constar na papeleta das eleccións un **máximo de 1 nome** da lista de candidatos.
- 7.- O voto será directo, secreto e non delegable.
- 8.- Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para o seu envío á Xunta Electoral do centro.
- 9.- A Xunta Electoral do centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Ourense, 2 de novembro de 2022

A PRESIDENTA DA XUNTA ELECTORAL

Asdo.- María Pérez Laso

